Da Estratexia á Execución con SAFe® Lean Portfolio Management

Descrición

O próximo **curso oficial de certificación SAFe® Lean Portfolio Management (LPM) celebrarase do 24 ao 27 de maio de 2027, con período de inscrición aberto do 1 ao 15 de abril de 2027.**

Este seminario en liña permitirache coñecer en profundidade en que consiste esta formación, a quen vai dirixida, que competencias profesionais desenvolve e que pode achegar tanto ao teu crecemento profesional como á evolución da xestión da túa organización.

Nunha contorna onde a velocidade do cambio, a innovación e a incerteza son a norma, as organizacións necesitan reformular como conectan a estratexia coa execución. O marco **SAFe® Lean Portfolio Management (LPM)** ofrece unha resposta sólida e práctica a este reto, integrando principios de Lean Thinking e Agile para transformar a xestión do portfolio nun sistema orientado ao valor e á entrega continua de resultados.

Durante a sesión, **Ángel Galán, SAFe SPC e SAFe® Premier Instrutor,** autor e consultor con ampla experiencia en implantacións SAFe® en múltiples sectores, presentará os fundamentos do modelo LPM, a súa aplicación en contextos reais e o papel que desempeña a certificación SAFe® LPM no desenvolvemento de líderes capaces de xestionar a transformación a escala.

O seminario axudarate a comprender a relevancia do curso oficial de SAFe® LPM, a súa estrutura, os temas que aborda e os tipos de exercicios que se realizan durante a formación, explicando como cada un deles reforza a comprensión práctica do enfoque Lean-Agile na xestión de portafolios.

Perfil do docente

O relator será **Ángel Galán, SAFe SPC e SAFe® Premier Instrutor,** autor e consultor con ampla experiencia en implantacións SAFe® en múltiples sectores,

PROGRAMA Programación 2026/27

TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/03/2027 - 01/04/2027
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	01/04/2027
DATA FIN	01/04/2027
HORARIO	Horario de 16:00 a 20:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	01/04/2027 - 01/04/2027

Temario

- Introdución ao marco SAFe® Lean Portfolio Management
  - Contexto actual de cambio e necesidade de novos modelos de xestión.
  - Da xestión tradicional de proxectos ao enfoque Lean-Agile orientado a valor.
  - Principios fundamentais do LPM no marco SAFe®.
- Elementos clave do Lean Portfolio Management
  - Estratexia e investimento: aliñación con obxectivos empresariais.
  - Portfolio Kanban: visualización e priorización de iniciativas.
  - Lean Budgeting e Participatory Budgeting: financiamento áxil.
  - Gobernanza Lean: medición e mellora continua do portfolio.
- O curso oficial SAFe® Lean Portfolio Management (LPM)
  - Estrutura do curso (4 xornadas, 16 horas).
  - Principais bloques de contido e resultados de aprendizaxe.
  - Exercicios e dinámicas do curso: como axudan a aplicar os conceptos.
  - Exame e proceso de certificación oficial.
- Aplicación práctica e casos reais
  - Experiencias de implantación do modelo en organizacións de diferentes sectores.
  - Obstáculos comúns e claves para o éxito.
  - Transformación dunha PMO tradicional cara a unha Value Management Office.

- Próximos pasos e curso oficial – maio 2027
  - Datas, proceso de inscrición e condicións.
  - Recursos recomendados para a preparación previa.
  - Espazo final de preguntas e orientación personalizada.